

R CABLE E TELECABLE TELECOMUNICACIONES GALICIA, S. A. U.
BASES do CONCURSO
“Con que persoa gozarías do concerto de Delaporte e por que?”

1.- ORGANIZADOR E OBXECTO DA PROMOCIÓN:

R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES GALICIA, S. A. U., (en adiante **R**), domiciliada en A Coruña; na Rúa Real, 85, e co número de identificación fiscal A15474281, realizará unha promoción na que poderán participar os clientes de **R**. Deben responder á pregunta “A quen levarías e por que?”. Ademais, a posteriori deben indicar os datos do titular do contrato¹ por mensaxe privada.

2.- ÁMBITO TERRITORIAL E PERSOAL: O ámbito territorial da promoción comprende España. Poderán participar na promoción todas aquelas persoas maiores de 18 anos, que sexan clientes de **R** con servizos activos durante o período no que estea activa esta promoción e ata a entrega do premio, e que se atopen ao corrente de pagamento con **R**.

3.- DURACIÓN: A promoción comezará ás 15:00 horas do 2 de decembro de 2019 e rematará o 8 de decembro ás 23:59 horas.

En ningún caso poderán participar os comentarios recibidos antes ou despois do período indicado. Por causas de forza maior, causa extraordinaria xustificada e razoable ou por imperativos legais, **R** poderá decidir en calquera momento a interrupción e/ou finalización anticipada desta promoción, así como que a apertura do concurso se realice días diferentes en cada rede social.

4.- FORMA DE PARTICIPACIÓN E MECÁNICA DA PROMOCIÓN: Poderán participar todas aquelas persoas que sexan clientes de **R** maiores de 18 anos, con residencia en España, que cumpran os seguintes requisitos:

1. Comentar na publicación de Facebook, Instagram ou Twitter respondendo á pregunta: “Con que persoa gozarías do concerto e por que?”. (É preciso mencionar a persoa)
- 2.- Se resultas gañador, deberás achegar nome, apelidos e DNI do titular do servizo con **R** para aceptar o premio.
- 3.- Non poderán participar na presente promoción os empregados de **R**, nin das súas filiais nin de empresas participadas por estas, nin colaboradores beneficiados dunha promoción especial ou que colaboren nesta promoción, nin familiares dos anteriores dentro do primeiro grao de parentesco.

5.- PREMIO DA PROMOCIÓN: O premio consistirá en:

- 2 entradas dobres para o concerto do grupo Delaporte na sala Pelicano da Coruña o 13 de decembro.

¹ Nome, apelidos e DNI

6.- GAÑADORES DA PROMOCIÓN: O luns 9 de decembro reunírase un xurado composto por 2 empregados de **R**: unha persoa do departamento de márketing corporativo e o xestor de redes sociais de **R** que escollerán as 2 mellores respostas á pregunta “Con que persoa gozaría do concerto e por que?” de entre os participantes que cumpran os requisitos establecidos anteriormente. Na mesma data elixíranse 2 suplentes.

7.- ENTREGA DO PREMIO: Unha vez comprobado que se cumpran os requisitos establecidos nestas bases legais e reunido o xurado, publicáranse os nomes dos gañadores nas redes sociais de **R**.

Antes do envío, contactarase cos gañadores da Promoción, para solicitarlles a aceptación do premio, xa sexa por vía telefónica ou por correo electrónico, debendo facilitar a **R** os datos do titular do contrato para verificar a súa identidade. Establécese un prazo para contestar de 48 horas, ou o premio pasará a un dos reservas.

Este será entregado segundo o procedemento establecido por **R**.

No suposto de que algún dos gañadores non puidese gozar do premio, contactarase co primeiro dos 2 reservas. Se ningún dos premiados ou das reservas puidese ser contactado ou, unha vez contactados, renunciásen ao premio, o concurso quedará deserto.

En ningún caso poderá substituírse o premio polo seu valor económico, nin poderá cederse a outra persoa distinta do gañador.

R reserva o dereito de que o premio quede deserto, no caso de que nin os participantes agraciados nin ningún dos suplentes cumpran os requisitos citados nestas bases.

O dereito ao premio caducará sempre que, despois de ter contactado o/os gañador/es, este/estes non pasasen a recoller o premio no punto de venda **R** indicado.

8.- CARÁCTER GRATUÍTO DA PROMOCIÓN:

A PROMOCIÓN é gratuítas e non implica por si mesma pago adicional algún pola obtención dos premios. Os custos das chamadas, mensaxes telefónicas, correo electrónico, faxes ou calquera outra comunicación que deban realizar os participantes que se detallan no apartado de mecánica da promoción serán da súa conta.

9.- CONDICIÓN E RESERVAS: A comunicación dos datos persoais por parte dos gañadores é requisito obrigatorio para que os gañadores poidan recibir o premio obtido como participantes lexítimamente admitidos na promoción. De resultar agraciada algunha persoa que non cumpra estes requisitos, a súa participación resultará automaticamente excluída.

R descartará aquelas participacións que sexan abusivas ou fraudulentas e non se fai responsable da veracidade dos datos facilitados polos participantes. Esta promoción organizarase coa pretensión de incentivar e fomentar a participación de todos os consumidores, premiando a fidelidade en condicións de igualdade e con estrito respecto ao principio xeral da boa fe. Por ese motivo, **R** excluírá automática e inmediatamente da mesma a calquera participante que transgrida as normas da boa fe, observe unha conduta fraudulenta o inadecuada, empregue medios capciosos ou incumpra estas bases en calquera dos seus extremos; no caso de que

as irregularidades ou conductas descritas anteriormente se detecten con posterioridade á entrega efectiva dalgún dos premios, **R** reserva o dereito a exercitar as accións legais pertinentes contra o seu autor ou responsable, entre outras, as tendentes á devolución dos premios.

Os premios da promoción non se poderán substituír por outros a petición dos gañadores, nin poderán ser trocados polo seu valor en metálico. **R** reserva o dereito a anular, suspender ou modificar a promoción, se por causas técnicas ou de calquera outra índole allea á vontade da mesma, esta non puidese cumprir co normal desenvolvemento da promoción, segundo o estipulado nas presentes bases.

No previsto nestas bases, que se interpretarán en conxunto, rexerá a normativa legal disposta que sexa de aplicación, integrando os baleiros ou dúbidas conforme á boa fe, usos comerciais e técnicos que resulten adecuados, e principios xerais do Dereito.

10.- TRATAMENTO DOS DATOS PERSOAIS:

10.1. O participante é informado por **R** de que os datos de carácter persoal que achegue para participar neste concurso serán incluídos nun ou varios ficheiros cuxo responsable é **R**, con domicilio en rúa Real 85, 15003, A Coruña, creados coa finalidade de realizar campañas de márketing, así como comunicación de promocións.

O participante poderá revocar o devandito consentimento en calquera momento mediante escrito dirixido a **R** na forma sinalada no punto seguinte.

10.2. O participante poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación dos seus datos, mediante solicitude escrita dirixida a **R**, achegando fotocopia do DNI. Este escrito enviarase ao apartado de correos 2096, 15080 A Coruña, ou ben ao fax gratuíto 900.82.55.82 ou mediante correo electrónico a R-alhabla@mundo-R.net para a comunicación en castelán/fala-con-R@mundo-R.net para a comunicación en galego. No caso de actuar mediante representante, ademais dos datos anteriores deberán enviar os do representante e o documento acreditativo de tal representación. Sen prexuízo do anterior, **R** atenderá as solicitudes de acceso, rectificación, cancelación ou oposición realizadas a través de calquera medio que permita acreditar o envío e a recepción da solicitude e que esta conteña os elementos referidos no art. 25.1 do Real Decreto 1720/2007 de 21 de decembro.

10.3. O usuario consente expresamente, para o caso de resultar gañador, a comunicación dos seus datos, xa sexa este necesario para o goce do premio, xa sexa con fins de publicidade en aqueles medios nos que estea publicada a campaña concerto Delaporte indicando, a modo enunciativo e non limitativo, redes sociais, o blog de **R** e a páxina web de **R** (www.R.gal).

11.- ACEPTACIÓN DAS BASES: O simple feito de enviar a resposta por comentario de Facebook nas condicións indicadas neste documento supón que os participantes aceptan integramente as bases da promoción, aceptando igualmente o criterio de **R** en canto á resolución de calquera cuestión derivada do desenvolvemento da campaña “Concerto Delaporte”.

A non aceptación das Bases implica a exclusión do usuario da participación na promoción. **R** reserva o dereito a efectuar calquera cambio, aclaración ou

rectificación nas Bases desta promoción, así como a suspendela ou a ampliála no momento en que o considere oportuno.

13.- LITIXIOS: A presente promoción réxese e sométese na súa totalidade á lexislación española. Para resolver calquera controversia ou reclamación derivada do cumprimento, incumprimento ou interpretación do presente contrato, poderá acudirse aos tribunais españoles; concretamente, as partes, con renuncia expresa a calquera outro Foro que puidese corresponderlles, sométense á xurisdición dos Xulgados e Tribunais de A Coruña. Exclúese expresamente o sometemento ao Sistema Arbitral de Consumo para resolver calquera cuestión derivada do presente contrato.